



## Convocatoria Concurso Eduemprende Idea 2023

Eduemprende Idea é un concurso, convocado pola Xunta de Galicia, que pretende **potenciar a realización de proxectos empresariais** polo alumnado das ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño da Comunidade Autónoma de Galicia sostidas con fondos públicos.

Poderá participar o alumnado que cumpra os seguintes **requisitos**:

- **Ter estado matriculado durante o curso 2022/23 nas ensinanzas de formación profesional, deportivas ou de artes plásticas e deseño sostidas con fondos públicos.**
- A participación terá que ser en **grupo, formado por un mínimo de dous/dúas alumnos/as e un máximo de catro.**

**Este concurso comprende dúas modalidades:**

- Modalidade A: Ciclos de Grao Superior
- Modalidade B: Ciclos de Grao Medio.

**Premiaranse os tres mellores proxectos de empresa de cada modalidade, cunha dotación económica e a posibilidade de: Incorporación a un viveiro de empresa** da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, xunto co **Asesoramento técnico do IGAPE** (no caso de que os alumn@s premiad@s decidan pór en marcha a súa idea de negocio).

**A Dotación económica será de:**

**1º premio: 3.000 euros**

**2º premio: 2.000 euros**

**3º premio: 1.000 euros**

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto **ata o 20 de decembro de 2023.**

Para máis información:

Coordinación de Emprendemento. CIFP Politécnico de Santiago

<https://www.edu.xunta.gal/fp/eduemprende-idea>